

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados entre persoal funcionario docente do corpo de mestres (código de procedemento ED012A)

Mediante Orde do 21 de outubro de 2024 foi convocado concurso de traslados entre o persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A) (DOG n.º212, do 4 de novembro).

A base vixésimo novena, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas na Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional as actas da Comisión de Avaliación, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme ás peticións e méritos das persoas participantes, á adxudicación dos destinos e faranse públicos mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/).

Na súa virtude e de conformidade co que antecede, esta dirección xeral

RESOLVE

Primeiro. Adxudicar e facer público na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/), o destino provisional ao persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas nos centros ou sedes que alí se especifican.

Segundo. Aprobar e facer público na páxina web desta consellería a relación provisional de persoas excluídas con especificación das causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo establece a base trixésima da Orde do 21 de outubro de 2024, o persoal concursante poderá presentar reclamacións por medios electrónicos mediante o trámite activado no procedemento ED012A para este efecto na Carpeta cidadá no prazo



de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da dita resolución na páxina web desta consellería.

Cuarto.- Así mesmo, de conformidade coa base trixésima da Orde do 21 de outubro de 2024, o persoal concursante poderá presentar renuncia de participación. Esta deberá realizarse na páxina web do concurso (www.edu.xunta.gal/cxt), na lapela habilitada para estes efectos, e presentarse por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto no procedemento ED012A na Carpeta cidadá, no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación da dita resolución na páxina web desta consellería.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obteñan destino nesta resolución de adxudicación provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base trixésima primeira da Orde do 21 de outubro de 2024 relativa á resolución definitiva.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

